



**III PLAN DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE
HOMES E MULLERES**

III PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE ARZÚA

Edita: Concello de Arzúa

Coordina: Centro de Información ás Mulleres de Arzúa

Realiza e diseña: OBZ S.L

Impresión: Josmanpress



SAÚDA DO CONCELLO

Comprácame, como Alcalde, presentar o III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Arzúa 2013-2016, unha realidade hoxe en Arzúa grazas ao traballo da Concellería de Igualdade e Benestar Social.

A importancia deste traballo reside na súa metodoloxía exhaustiva, na súa intención de normalizar a igualdade de sexos, algo que só será posible coa axuda e participación de todos os ámbitos do concello, transformando os pasos que imos dando nun camiño seguro e común, educando aos nosos fillos e fillas e reeducándonos a nós mesmos.

Nace dun proceso participativo onde entidades veciñais, técnicos municipais e axentes sociais traballan en conxunto co obxectivo de que a muller acceda a unha participación activa, cada día máis importante e decisiva, nos ámbitos profesionais da vida.

Mediante este Plan, o Concello de Arzúa pretende que a igualdade sexa algo real e non unha sinxela declaración de intencións. O obxectivo último do noso traballo é, xa que logo, avanzar na redución da discriminación do sexo feminino, isto implica un cambio de mentalidade e de actitudes, base fundamental para a transformación dunha sociedade.

Estou seguro de que este proxecto contén as claves para dar unha oportunidade real á igualdade entre homes e mulleres no noso ámbito municipal, ao igual que teño a mesma confianza en que contamos cun grande equipo humano formado por todos os colectivos sociais, persoal técnico e veciñanza de Arzúa para poñelo en práctica.

Dende agora, máis ca nunca, a igualdade é en Arzúa un compromiso de todos e todas.

Xosé Luis García
Alcalde de Arzúa



ÍNDICE

| | Páxina |
|---|--------|
| Introdución | 4 |
| Antecedentes | 6 |
| III Plan de Igualdade de Oportunidades de Arzúa | 10 |
| Arzúa en cifras | 11 |
| Obxectivos xerais do III Plan de Igualdade | 25 |
| Avaliación e seguimento | 34 |
| Agradecementos | 37 |
| Anexos | 38 |
| • Glosario | 39 |
| • Marco lexislativo | 44 |

INTRODUCCIÓN



Ao longo dos últimos anos, o Concello de Arzúa mantivo o seu compromiso co impulso da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no seu territorio.

O Centro de Información ás Mulleres (CIM) mantén desde os seus orixes o obxectivo preferente de formular e estender políticas de igualdade e accións específicas para a súa consecución e posta en práctica. Froito desta determinación apróbanse para os anos 2005 e 2006 o I Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal (PIOM), e para o período comprendido entre o 2008 e o 2011 o II Plan de Igualdade. Actualmente retómase o compromiso coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante a elaboración do III PIOM, con proxección para o período comprendido entre os anos 2013 e 2016, e recollendo de novo principios reitores en materia de igualdade.

Todo Plan de Igualdade debe ser un instrumento de traballo a partir do que se poñan en marcha accións orientadas a solucionar toda situación de desigualdade das mulleres, e encamiñadas a lograr unha igualdade real e efectiva entre sexos, convertendo en beneficiarias das mesmas a todas as persoas, xa que tales accións deben estenderse ao conxunto da sociedade.

A consolidación das políticas de igualdade no concello de Arzúa activase grazas á posta en marcha de proxectos que atendan ás necesidades das mulleres e que tamén teñan en conta os seus intereses e demandas, como reclamación dun cambio estrutural na organización social e directamente opostas aos roles tradicionais de xénero.

Con todo isto, é implícita a importancia dos recursos humanos, económicos e materiais do entorno, para conseguir de xeito efectivo a práctica das medidas contempladas ao longo deste PIOM, adaptadas ás posibilidades da realidade arzúa.

ANTECEDENTES



ANTECEDENTES

O punto de partida para a posta en marcha do presente PIOM – o terceiro do concello de Arzúa – foi a creación do **I Plan de Igualdade Municipal entre mulleres e homes** para os anos 2005 e 2006, dando resposta á iniciativa municipal de compromiso coa igualdade, e o **II Plan de Igualdade de Oportunidades**, vixente entre os anos 2008 e 2011 e predecesor directo deste III PIOM. Ambos Plans de Igualdade serviron de referencia para o desenvolvemento de accións dirixidas á consecución dunha sociedade arzuá máis igualitaria.

O I Plan senta como argumento principal para a seu nacemento a necesidade de implementar políticas de igualdade no concello, sendo medidas que teñen como propósito a mellora da situación das mulleres en todos os espazos, público e privado, e a contribución, deste xeito, á redución da desigualdade que aínda existe entre sexos.

E o II PIOM elaborouse como continuidade do compromiso do concello de Arzúa polo fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e para facer visible a necesidade dunha igualdade real, non limitada á igualdade formal existente en diversos documentos oficiais. Polo tanto, as medidas que ocupan este Plan non son discriminatorias, senón compensatorias e tratan de equilibrar a situación de desigualdade existente entre unhas e outros.

Neste II Plan de Igualdade aparecen como áreas de actuación e medidas a desenvolver as seguintes:

Area 1. Muller e emprego (9 actuacións)

- **Obxectivo 1:** Incentivar a consecución da igualdade real no ámbito laboral.
- **Obxectivo 2:** Establecer medidas de apoio que faciliten o acceso e o mantemento das mulleres no posto de traballo.
- **Obxectivo 3:** Promover a inserción das mulleres no mercado laboral especialmente nas profesións nas que se atopan subrepresentadas.



Area 2. Muller e saúde (6 actuacións)

- **Obxectivo 1:** Reforzar o desenvolvemento de programas relacionados cos problemas de saúde de maior incidencia nas mulleres.
- **Obxectivo 2:** Potenciar e impulsar hábitos de vida saudables nas mulleres que favorezan o seu autocoidado durante todo o seu ciclo vital.
- **Obxectivo 3:** Desenvolver programas de información e educación sexual, dirixidos a toda a poboación e, prioritariamente, aos adolescentes.
- **Obxectivo 4:** Contribuír a mellorar a calidade de vida das mulleres con algunha capacidade ou dependentes.

Area 3. Muller e Educación (8 actuacións)

- **Obxectivo 1:** Sensibilizar ao conxunto da poboación sobre a igualdade entre homes e mulleres.
- **Obxectivo 2:** Fomentar unha educación que promova a adquisición de valores, comportamentos e actitudes máis igualitarios e tolerantes tanto dentro do marco escolar como fóra del.
- **Obxectivo 3:** Elevar o nivel formativo das mulleres de Arzúa.
- **Obxectivo 4:** Fomentar ou impulsar programas ou proxectos de reparto das tarefas dun xeito igualitario.
- **Obxectivo 5:** Promover o acceso ás novas tecnoloxías por parte das mulleres de Arzúa.

Area 4. Conciliación da vida familiar, laboral e persoal (9 actuacións)

- **Obxectivo 1:** Promover o cambio de papeis e estereotipos asignados pola sociedade a mulleres e homes. A conciliación é unha estratexia que vai dirixida a facer compatibles diferentes espazos e tempos da vida das persoas para responder ás necesidades e requirimentos da vida laboral, familiar e persoal.
- **Obxectivo 2:** Fomentar un cambio na cultura empresarial. As entidades deben ser conscientes de que o benestar do seu persoal está directamente relacionado coa súa



capacidade de pleno rendemento e que os traballadores e traballadoras renden máis e mellor cando se está potenciando un modelo de empresa que pon en práctica medios para apoiar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

- **Obxectivo 3:** Incrementar desde o Concello os recursos para favorecer as posibilidades de conciliación.



**III PLAN DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE
HOMES E MULLERES**

ARZÚA EN CIFRAS




ARZÚA EN CIFRAS

Un **diagnóstico cuantitativo** serve de referente para coñecer mellor a realidade do concello, amosando a súa evolución ao longo dos últimos anos. Un estudo deste tipo, complementado cunha recompilación de demandas e necesidades propostas pola poboación, conforma o argumento para proxectar medidas de actuación contra a discriminación sexual, tanto de mulleres como de homes, conseguindo unha mellora da situación que vive a poboación do municipio.

Así, en liñas xerais preséntanse unha serie de aspectos descritivos da realidade do concello de Arzúa.

Evolución demográfica

Gráficos 1 e 2. Evolución da poboación segundo sexo (Abs.). Arzúa, 2007-2011




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

- O concello de Arzúa viviu unha **evolución demográfica** decrecente nos últimos anos **con descenso** aproximado do **3,25% de mulleres** e un **3% homes**.
- No ano 2011, os grupos de idade que concentran maior número de poboación son entre os **arzuás** os que comprenden entre os **45 e os 49 anos**, mentres que entre as **mulleres** destacan idades moi avanzadas: entre os **75 e 79 anos**.



Gráfico 3. Pirámide de poboación. Arzúa, 2011.




Fonte: Elaboración propia

- A poboación arzúa reflicte un envellecemento da poboación, contemplando que a idade media entre as mulleres é de 50 anos e medio, e entre os homes de algo máis de 47.
- Os índices de dependencia sitúan á poboación feminina nunha situación máis propensa á dependencia que á masculina: 69 mulleres maiores de 65 anos por cada 100 mulleres de entre 15 e 64 anos.

Migracións

Gráfico 4. Saldo migratorio (Abs). Arzúa, 2007-2011.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)





Saldo interno: movemento de poboación dentro da mesma provincia ou dentro da propia comunidade autónoma.

Saldo externo: movemento de poboación entre o concello e o resto de España e países estranxeiros.

- A **emigración** foi un movemento principalmente feminino, contabilizando un 51,5% dos movementos deste tipo, mentres que a **inmigración** tivo un perfil masculino, cun 53%.
- Concretando, as mulleres predominaron na **emigración interna**, mentres que os homes destacaron na **externa**. E aínda que na inmigración en xeral houbo máis desprazamentos de homes, na **inmigración interna** as mulleres superaron eses movementos en casos puntuais nun 2%, e en preto do 20% **inmigración externa**.

Gráficos 5, 6 e 7. Poboación estranxeira segundo sexo (%). Arzúa, 2011.




Fonte: Elaboración propia



- Os **principais países de orixe das mulleres** son Romanía, Francia e Portugal, Perú, Venezuela e Colombia.
- En canto á procedencia dos homes destaca: Romanía, Portugal, Reino Unido, Venezuela, Perú e Uruguai.

Educación

Gráfico 8. Taxa de analfabetismo. Arzúa, 2001.




Fonte: Instituto Galego de Estatística

- A **taxa de analfabetismo** destaca entre as mulleres cun 3,5%, mentres que a taxa masculina é dun 1%.
- A evolución demográfica provocou un descenso total do 13,5% entre o alumnado arzúa, afectando a un 14,4% de rapaces e a un 12,6% de rapazas. Destaca especialmente a redución en educación secundaria, cun 28% menos de alumnas e un 21,25% menos de alumnos.
- A Formación Profesional de grado medio viviu un incremento do 4,8% de alumnado.
- Existen diferenzas entre o **nivel de estudos** acadado entre sexos. **Con maior representación feminina** atópanse as titulacións universitarias, Bacharelato e Formación Profesional superior. Entre **os homes predomina** a ESO e educación secundaria para persoas adultas e a Formación Profesional de grado medio.
- Hai unha tendencia predeterminada segundo sexo na escolla de estudos superiores: a meirande parte das mulleres relaciónanse coas **Ciencias Sociais, a Saúde, Servizos Sociais, a Educación e Artes e Humanidades**; por outro lado, a formación máis escollida entre os varóns tendía a **especialidades técnicas e industriais**.
- Nos últimos anos produciuse un aumento do número de alumnas estranxeiras nun 44%, destacando a procedencia de países europeos e América.




Gráfico 9. Alumnado estranxeiro segundo sexo e continente de procedencia (Abs.). Arzúa, 2007-2011.



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Situación laboral

Gráfico 10. Poboación en situación de paro segundo nivel académico e sexo (%). Arzúa, 2011.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

- A **situación de paro** en Arzúa afecta principalmente a poboación con estudos básicos ou con certificado de escolaridade, destacando en ambos casos a poboación masculina. E canto maior é o nivel académico, as mulleres sofren máis o paro que os homes.



Táboa 1. Poboación en situación de paro segundo actividade, idade e sexo (Abs.). Arzúa, 2011.

| Actividade económica | Idade | Total | Mulleres | Homes |
|---|-------|---------------|---------------|---------------|
| | | Paro rexistr. | Paro rexistr. | Paro rexistr. |
| Sen emprego anterior | 20-24 | 18 | 7 | 11 |
| | 55-59 | 13 | 11 | 2 |
| Industria manufactureira | 45-49 | 12 | 5 | 7 |
| | 50-54 | 10 | 5 | 5 |
| Construción | 25-29 | 11 | 2 | 9 |
| | 30-34 | 12 | 2 | 10 |
| | 35-39 | 12 | 0 | 12 |
| | 45-49 | 14 | 1 | 13 |
| | 50-54 | 16 | 0 | 16 |
| | 55-59 | 11 | 1 | 10 |
| Comercio. Reparación de vehículos de motor | 25-29 | 12 | 10 | 2 |
| | 35-39 | 10 | 8 | 2 |

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

- A **actividade máis castigada** polo paro é a **construción**, cun perfil principalmente masculino, afectando a un 34,5% de arzuás.
- Os **sectores** onde se rexistra **maior número de mulleres que homes** en situación de paro son o comercio e a reparación de vehículos.
- Os **grupos de idade** con maior número de persoas en paro son os que comprenden entre os 20-24 anos (4% do total de poboación arzuá) e entre 55-59 (3%), destacando que canto maior é a idade, o perfil vaise feminizando, superando nun 4% a cifra de homes.



Táboas 2 e 3. Principais variables de paro rexistrado. Menores e maiores de 25 anos. Arzúa, 2007 e 2011.

| 2007 | Menores 25 anos | 24 e máis anos |
|-------------------------------|---|---------------------------------|
| Sexo | Muller | Muller |
| Grupo de Idade | 20 a 24 | 40 a 44 |
| Nivel Académico | Titulación Ensinanza Obrigatoria | Ata Certificado de Escolaridade |
| Sección da clasificación CNAE | Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria | Industria manufactureira |



| 2011 | Descrición | Paro rexistrado |
|-----------------|---------------------------------|-----------------|
| Sexo | Home | 236 |
| Idade | 50-54 | 62 |
| | 20-24 | 35 |
| Nivel académico | Ata certificado de escolaridade | 228 |
| Sección CNAE | Construción | 100 |

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)



Demanda de emprego

Gráficos 11 e 12. Ocupacións máis demandadas por mulleres e homes (Abs.). Arzúa, 2011.





Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)



Contratación

Gráficos 13 e 14. Ocupacións máis contratadas no ámbito feminino e masculino (Abs.). Arzúa, 2011.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)



Participación social

- A composición actual do Pleno Municipal de Arzúa está composto por un 38,5% de mulleres e un 61,5% de homes repartidos entre os distintos partidos políticos.
- A participación política das mulleres continúa condicionada pola tradición e o seu aumento nos últimos anos está influído pola normativa legal establecida.
- A pesar do aumento de mulleres con presenza activa en política, unha boa parte delas queda relegada a postos secundarios con menores posibilidades de ocupar cargos representativos.
- O tecido asociativo local conta principalmente con agrupacións dedicadas ao ocio e tempo libre – como as deportivas e culturais – seguidas de asociacións veciñais que atenden ás demandas da poboación.
- A participación no tecido asociativo estímase nun 22,5% de mulleres e un 77,5% de homes, probablemente debido ao gran peso das asociacións deportivas, onde a representación feminina é menor que a masculina.
- En canto á **composición das directivas**, calcúlase unha representación feminina do 36,5% fronte ao 63,5% de presenza masculina.

Saúde

- A **esperanza de vida ao nacer** é diferente entre as mulleres e homes, previndo que elas chegarán a cumprir os 85 anos e eles os 75.
- Durante os últimos anos o número de falecidos superou ao de ao de falecidas, cun 55% e un 45% respectivamente. Isto, sumado ás características demográficas de Arzuá, favorece a que o envellecemento da poboación sexa principalmente feminino.
- As principais causas de mortalidade tanto entre homes como entre mulleres son problemas relacionados co sistema circulatorio, os tumores e enfermidades do sistema respiratorio.
- Case a metade da poboación galega ten ao seu cargo persoas dependentes (menores ou maiores) e a meirande parte de quen as coida son **mulleres**, percibindo que a porcentaxe media de **coidadoras** era do 69% no 2011.



- Segundo idades, un 76% das mulleres que teñen **entre 45 e 64 anos** cumpren con esta responsabilidade, seguidas das menores de 45 anos e das maiores de 65.
- Comparando a cifra de mulleres cuidadoras entre 45 e 64 anos co mesmo grupo de idades respecto aos homes, a porcentaxe de cuidadores redúcese a un 24%.

Táboa 4. Persoas cuidadoras de dependentes segundo sexo e idade. Galicia, 2007 e 2011.

| | Porcentaxe | | Número | |
|--------------------------|------------|------------|----------------|----------------|
| | 2007 | 2011 | 2007 | 2011 |
| Menos de 45 anos | | | | |
| Home | 23,97 | 36,32 | 7.792 | 10.287 |
| Muller | 76,03 | 63,68 | 24.711 | 18.033 |
| Total | 100 | 100 | 32.502 | 28.320 |
| De 45 a 64 anos | | | | |
| Home | 25,95 | 24,11 | 15.926 | 14.101 |
| Muller | 74,05 | 75,89 | 45.440 | 44.388 |
| Total | 100 | 100 | 61.366 | 58.489 |
| De 65 e máis anos | | | | |
| Home | 35,89 | 38,89 | 10.152 | 12.491 |
| Muller | 64,11 | 61,11 | 18.137 | 19.631 |
| Total | 100 | 100 | 28.290 | 32.122 |
| Total | | | | |
| Home | 27,73 | 31,01 | 33.871 | 36.880 |
| Muller | 72,27 | 68,99 | 88.287 | 82.052 |
| Total | 100 | 100 | 122.158 | 118.931 |

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)



Violencia de xénero

Táboa 5. Poboación do Partido Xudicial de Arzúa (Abs). 2011.


| Concello | Total | Homes | Mulleres |
|--------------|---------------|---------------|---------------|
| Arzúa | 6.328 | 3.134 | 3.194 |
| Boimorto | 2.211 | 1.127 | 1.084 |
| Melide | 7.824 | 3.852 | 3.972 |
| O Pino | 4.743 | 2.357 | 2.386 |
| Santiso | 1.883 | 983 | 900 |
| Toques | 1.343 | 696 | 647 |
| Touro | 4.082 | 2.022 | 2.060 |
| Total | 28.414 | 14.171 | 14.243 |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística (IGE)

- **Partido Xudicial de Arzúa** prestaba servizo no ano 2011 a un 22,27% de poboación pertencente ao propio **concello de Arzúa**, rexistrando que as arzuás eran un 22,43% da poboación feminina deste partido xudicial e os arzuáns un 22,12% do total de homes.
- A poboación feminina galega conforma un 6% do total de mulleres en España.
- O número de denuncias por violencia de xénero en Galicia está arredor do 4%.
- As solicitudes de ordes de protección por este delito en Galicia superan as 1.300 cada ano, concedendo unha media do 60% das mesmas.
- O número de delitos por abuso, acoso e agresión sexual aumentaron nos últimos anos arredor dun 6,5%.
- A violencia de xénero provocou un aumento importante de **defuncións** entre as vítimas deste delito, superando en 2 puntos as cifras recollidas desde o ano 2001 ata o 2011. Destaca o ano 2008 cunhas 5 mulleres asasinadas por cada millón de galegas.



Gráfico 16. Taxa de defunción (por millón de mulleres) por violencia de xénero a mans das súas parellas ou ex parellas. Galicia, 2001-2011.



Fonte: Ministerio de Igualdad - Instituto de la Mujer

OBJECTIVOS



OBXECTIVOS DO III PLAN DE IGUALDADE

O **obxectivo fundamental** para elaborar o **III Plan de Igualdade de Oportunidades de Arzúa 2013-2016** é continuar coa aplicación do principio de igualdade como garante dunha sociedade na que sexa posible unha participación e unha representación en igualdade de condicións entre mulleres e homes en todas as esferas da vida – pública e privada – como son os ámbitos familiar, educativo, laboral, asociativo ou político.

Este é o punto de partida para fortalecer as relacións de xénero e actuar de forma comprometida co fin de acadar unha igualdade real entre a poboación, máis aló de medidas formais.

Educación e Sensibilización

Obxectivo xeral: Fomentar a educación baseada en valores igualitarios e a sensibilización sobre estas actitudes mediante actividades culturais, deportivas e de ocio e tempo libre.

Obxectivo específico 1. Impulsar actuacións que promovan unha educación baseada na igualdade de oportunidades real – máis aló da formal –, tanto no presente como de cara ao futuro das novas xeracións, e unha maior autonomía persoal das e dos habitantes de Arzúa.

Actuacións

1. Desenvolvemento de obradoiros por medio dos que se fomente a igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero entre alumnado dos diferentes niveis educativos (Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato).
2. Organización dunha charla-debate sobre profesións feminizadas e masculinizadas dirixida a alumnado, con participación de profesionais mulleres e homes que realizan traballos tradicionalmente non relacionados co seu sexo.
3. Achega de apoio educativo ás parroquias para alumnado con necesidades de reforzo escolar con dificultades de transporte ao centro municipal.



4. Realización de obradoiros prácticos sobre un mellor uso da linguaxe con perspectiva de xénero (linguaxe inclusiva), dirixidos ao equipo directivo e docente dos centros educativos e ao alumnado.
5. Desenvolvemento de accións formativas (segundo necesidades e demandas específicas) nos locais sociais das parroquias para mulleres.
6. Continuidade das clases de alfabetización para persoas adultas, especialmente mulleres, favorecendo así a súa autonomía persoal.

Obxectivo específico 2. Desenvolver actuacións encamiñadas a unha maior sensibilización sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes trasladadas aos ámbitos comunitario e persoal.

Actuacións

1. Difusión do Plan de Igualdade de Oportunidades entre as diversas comunidades que conforman a vida local arzuá (comunidade educativa, sanitaria, policial, empresarial...).
2. Coordinación entre Servizos Sociais, Centro de Información ás Mulleres e Centros educativos para promover a realización de traballos escolares relacionados co papel das mulleres na historia, especialmente as mulleres arzuás.
3. Realización dun concurso intercentros para a escolla dun lema e dun debuxo que promova a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, coa posterior impresión dun cartel co lema e o debuxo gañador.
4. Conmemoración do 8 de marzo mediante un acto conxunto entre os centros educativos de Arzúa, nun lugar céntrico do concello co fin de achegar a toda a poboación dito acto, expoñendo o lema e o debuxo gañador do concurso.



5. Organización de campañas que promovan os xoguetes non sexistas para potenciar os xogos con perspectiva de xénero inclusiva e non estereotipada.
6. Organización de eventos deportivos mixtos para promover a participación feminina no deporte.
7. Desenvolvemento de formación sobre igualdade de oportunidades para persoal técnico e municipal en xeral co obxectivo de acadar a transversalidade de xénero na toma de decisións dentro das políticas públicas.

Formación, Emprego e Conciliación

Obxectivo xeral: Pular pola formación orientada ao emprego con perspectiva de xénero e polo emprendemento local, con promoción do empoderamento feminino, ademais de promover a conciliación entre os ámbitos laboral, persoal e familiar.

Obxectivo específico 1. Promover accións formativas que favorezan unha mellor inserción e reinserción laboral segundo as necesidades e recursos da zona.

Actuacións

1. Realización dun videoforum nos centros educativos para facer visibles os problemas de atopar emprego sen formación – e como afecta especialmente ás mulleres –, co fin de impulsar a continuidade nos estudos.
2. Desenvolver accións formativas complementarias para persoas en activo (reciclaxe, innovación) ou en desemprego (formación ocupacional) para incrementar as posibilidades de mellora profesional ou o acceso ao mercado laboral en relación coas necesidades específicas da zona.
3. Desenvolvemento de accións formativas orientadas ao aproveitamento de recursos naturais locais co fin de promover o emprendemento (como cursos de envasado, elaboración de conservas...).



Obxectivo específico 2. Desenvolver accións informativas sobre o mercado e a situación laboral actual, e promover medidas específicas de cara á busca de emprego.

Actuacións

1. Promoción de accións informativas e orientación laboral sobre as posibilidades de emprego por conta propia ou allea dirixidas á poboación en xeral e a alumnado de ESO, Bacharelato e FP.
2. Elaboración dun estudo de nichos locais de emprego, facendo visibles as oportunidades laborais e promovendo o desenvolvemento laboral de mulleres e homes en ocupacións tradicionalmente non relacionadas co seu sexo.
3. Xornadas informativas para toda a poboación sobre profesións en auxe para facer visibles as distintas vías de emprego (contratación, emprendemento) e sobre as formas xurídicas empresariais (tipos de sociedade, asociacións, cooperativas).
4. Campañas informativas para mulleres titulares ou cotitulares de explotacións agrogandeiras para sensibilizar e facer visible a importancia da súa implicación na toma de decisións sobre tales explotacións.
5. Realización dun estudo sobre a afección do desemprego con perspectiva de xénero, dando visibilidade a problemáticas ocultas: economía somerxida, condicionamentos persoais indirectos (conciliación dos tempos, corresponsabilidade) para un desenvolvemento formativo e profesional adecuado, etc.
6. Campaña de sensibilización sobre a economía somerxida explicando causas e consecuencias da mesma para a poboación en xeral – e en especial mulleres – e para o tecido empresarial.
7. Obradoiros orientados á elaboración de C.V. para unha mellor redacción e enfoque dos mesmos segundo propósitos profesionais, sectores e actividades obxectivo.



Obxectivo específico 3. Establecer medidas de conciliación que favorezan a incorporación e reincorporación ao mercado laboral, así como aumentar o aproveitamento dos tempos persoais.

Actuacións

1. Ampliación da escola infantil para facilitar a conciliación dos tempos e a incorporación ao mercado laboral.
2. Reforzo do persoal nos programas municipais de asistencia domiciliaria.
3. Desenvolvemento de programas de respiro familiar, coordinados co programa de voluntariado municipal.
4. Realización de campamentos de verán e de actividades para infancia e xuventude en diferentes períodos non lectivos ao longo de todo o ano como medida de conciliación.
5. Fomento de programas educativos, ludotecas... para propiciar a conciliación dos tempos.

Participación e Corresponsabilidade

Obxectivo xeral: Acadar a participación activa das mulleres arzuás no tecido asociativo e na vida social en xeral, promovendo a corresponsabilidade entre homes e mulleres e un reparto equitativo dos tempos.

Obxectivo específico 1. Levar a cabo actuacións para promover o activismo das asociacións locais e a participación social das mulleres.

Actuacións

1. Fomento da participación política das mulleres por medio de campañas publicitarias, xornadas de sensibilización... para evitar a relación única e directa da súa implicación política con cuestións lexislativas.
2. Creación dun foro de mulleres para facer visible a importancia da súa participación en política (non limitada á afiliación a un partido político), pola perspectiva de xénero propia que poden



aportar sobre condicións de vida (persoais, familiares, laborais...) que xeran determinadas necesidades ás que se podería responder mediante políticas públicas.

3. Desenvolvemento de accións formativas e informativas orientadas á dirección e xestión de asociacións, e sobre diferentes axudas ás que poder acceder para levar a cabo o obxecto das mesmas.
4. Realización dunha xuntanza anual entre as asociacións de Arzúa para favorecer contactos entre as distintas agrupacións activando e mellorando así o seu dinamismo.
5. Desenvolvemento de actividades tradicionalmente masculinas e femininas enfocadas ao outro sexo, para fomentar posteriormente unha participación mixta.
6. Continuidade de actividades lúdicas, culturais, formativas... nos locais sociais das parroquias para fomentar a participación das mulleres rurais.

Obxectivo específico 2. Desenvolver medidas relacionadas coa sensibilización dun reparto equilibrado das tarefas e responsabilidades familiares e domésticas entre mulleres e homes.

Actuacións

1. Organización dun ciclo de curtametraxes en materia de corresponsabilidade, con debate final sobre este aspecto que permita unha maior achega da realidade arzuá e das súas necesidades.
2. Realización de actividades prácticas relacionadas co tempo e o espazo privado entre o persoal traballador das empresas locais (especialmente dirixidas a homes) para comprender as vantaxes da corresponsabilidade e sensibilizarse ante ela.
3. Organización de obradoiros dirixidos a mulleres e a homes para traballar nun grupo mixto, e de forma práctica, a corresponsabilidade: reparto das tarefas do fogar, atención a persoas dependentes, organización dos tempos...



4. Promoción de accións formativas sobre unha organización e desenvolvemento de proxectos e actividades programadas desde o Concello con perspectiva de xénero, para visualizar entre os distintos departamentos a necesidade dunha corresponsabilidade real entre mulleres e homes, favorecida por unha apreciación real do uso dos tempos.

Violencia de xénero e Saúde

Obxectivo xeral: Activar estratexias de prevención e sensibilización ante a violencia de xénero, e promover a saúde integral – física e psicolóxica – da poboación en todas as entornas vitais.

Obxectivo específico 1. Traballar a sensibilización e a prevención da violencia de xénero desde os distintos ámbitos sociais.

Actuacións

1. Conmemoración do 25 de novembro mediante campañas publicitarias, xornadas informativas, formativas e de sensibilización, etc., dirixidas a toda a poboación.
2. Formación específica en violencia de xénero para persoal técnico e municipal en xeral e implicado especialmente nesta materia.
3. Continuidade no cumprimento dos obxectivos recollidos no Itinerario de coordinación interinstitucional en materia de violencia de xénero.
4. Mantemento das mesas de traballo entre os axentes implicados e participantes no Itinerario de coordinación sobre violencia de xénero.
5. Desenvolvemento de actuacións en centros sociais, centros educativos... que fagan visibles as situacións de violencia de xénero e ou seu proceso (ciclo da violencia) mediante proxección de películas/documentais, exposicións fotográficas, actividades periódicas (non puntuais nin limitadas a fechas concretas)...



6. Posta en práctica de actividades na comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias) relacionadas coa sexualidade e as relacións afectivas, e a prevención da violencia de xénero.
7. Organización de obradoiros sobre os medios de comunicación, favorecendo unha visión dos mesmos desde un punto de vista crítico e obxectivo.

Obxectivo específico 2. Promover hábitos de vida saudables e autocoidados co propósito de mellorar a calidade de vida da poboación arzuá.

Actuacións

1. Realización de diversas actividades e campañas publicitarias para sensibilizar sobre a importancia da corresponsabilidade e o reparto equitativo dos tempos, destinadas á poboación adulta (mulleres e, especialmente, homes) co fin de previr ou frear problemas de saúde derivados ou agravados polas sobrecargas familiares e domésticas.
2. Fomento dos autocoidados entre a poboación maior (coidados físicos, alimentarios...) dirixido especialmente a coidadoras de dependentes.
3. Curso sobre primeiros auxilios orientado ao coidado de persoas dependentes (vendaxe, curas...).
4. Organización de xornadas informativas sobre as vantaxes da práctica deportiva para a saúde, especialmente dirixidas a mulleres.
5. Realización de obradoiros para poboación adulta sobre sexualidade e o seu enfoque e tratamento en diferentes grupos de idade.

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTOS



AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

O sistema de **avaliación** e **seguimento** previsto realizarase mediante diferentes recursos instrumentais, informes e memorias que avalíen as accións postas en práctica e valoren a súa achega real á poboación.

- O **seguimento** fai unha valoración das memorias elaboradas durante a vixencia do Plan e xunto coa avaliación permite unha toma de decisións apropiada segundo as percepcións recollidas. O propósito do seguimento é facer unha observación obxectiva que reconduza as actividades necesarias para cumprir os obxectivos do PIOM.
- A **avaliación** permite reorientar e reconsiderar os obxectivos do PIOM. Esta é a principal diferenza co seguimento, xa que este basicamente observa a adecuación entre os obxectivos pretendidos e os resultados obtidos.

Complementaria a estes procesos é a elaboración dunha **memoria**, que é unha recompilación ordenada e detallada dos datos sobre a actividade realizada, recollendo as impresións obtidas do proceso de seguimento e avaliación.

É importante especificar os organismos e/ou departamentos responsables do seguimento e da avaliación, así como o procedemento a empregar para a toma de decisións a partir dos informes técnicos resultantes. A creación dunha **comisión de seguimento** do PIOM facilitaría a realización de ditas tarefas, abrindo a posibilidade de formar parte de dita comisión distintos axentes sociais e políticos sensibilizados coa consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A avaliación do PIOM supón unha valoración das actuacións e o alcance das mesmas considerando:

1. Unha **avaliación inicial** da planificación que se pretende levar a cabo, analizando os contidos do PIOM, a súa temporalidade e os organismos implicados na execución das distintas medidas.
2. **Avaliación puntual** de determinadas actividades, especialmente recomendable no caso de identificar mediante a avaliación continua accións concretas das que non se aprecie a consecución do seu obxectivo inicial.



3. **Avaliación continua** do cumprimento do PIOM, facilitando así a corrección das accións cando sexa preciso.
4. Por último, a **avaliación final** realizarase ao remate da vixencia do PIOM, considerando en que medida se acadaron os obxectivos xerais e específicos, e a necesidade de abordar novos propósitos de cara a planificacións futuras.

É preciso resaltar que tanto o seguimento como a avaliación levarase a cabo entre os anos 2013 e 2016, período de vixencia do **III Plan de Igualdade de Oportunidades de Arzúa**, coa fin de coñecer o seu grao de consecución da forma máis exacta posible.

A recollida de información para os procesos de seguimento e de avaliación será mediante a **cobertura de fichas** para cada unha das accións previstas no Plan de Acción, das que serán encargadas as persoas ou organismos responsables do desenvolvemento do PIOM. Dentro destas fichas aparecerán unha serie de indicadores destinados a medir o nivel de execución de cada un dos proxectos e actividades do Plan, e como exemplo dos mesmos citamos:

- Accións realizadas.
- Perfil das persoas asistentes ás actividades, desagregando por sexo e idade.
- Número de persoas beneficiarias de cada unha das accións realizadas.
- Entidades e asociacións participantes.
- Satisfacción persoal das e dos asistentes a cada unha das actividades.
- Material empregado.
- Profesionais e organismos implicados na programación e execución das actividades.
- Custo de cada acción.
- Número e tipo de campañas de difusión realizadas.



AGRADECEMENTOS

O **Concello de Arzúa**, a través do **Centro de Información ás Mulleres**, agradece a participación de todos aqueles axentes sociais que formaron parte da elaboración deste **III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes** mediante o proceso de entrevistas e mesas de traballo, xa que as súas achegas e visións sobre a realidade social e as posibilidades de intervención favoreceron a toma de decisións sobre as medidas a recoller no presente documento.

Así, agrádése a colaboración de:

- Persoal técnico municipal
- Entidades locais
- Tecido asociativo local
- Centros educativos
- Partidos políticos

ANEXOS



GLOSARIO

Para unha mellor comprensión do que supón o desenvolvemento dun **Plan de Igualdade de Oportunidades** é fundamental a achega dunha serie de conceptos importantes nos que afondar.

A

Acción positiva. Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e prever unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes (denominadas ás veces “discriminación positiva”).

B

Barreiras invisibles. Actitudes resultantes das expectativas, normas e valores tradicionais que impiden a capacitación da muller para os procesos de toma de decisións, dificultando así a súa plena participación na sociedade.

C

Conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Introducción de sistemas de permiso por razóns familiares de atención á infancia, persoas maiores e dependentes en xeral, e creación dunha estrutura e organización do entorno laboral que facilite a mulleres e homes a combinación entre o traballo e as responsabilidades familiares e domésticas.

Corresponsabilidade. Reparto das responsabilidades domésticas entre mulleres e homes favorecendo a participación total das mulleres na vida pública e potenciando a corresponsabilidade dos homes nas actividades do ámbito familiar, co necesario cambio de perspectiva sobre a relación existente entre os ámbitos público e privado, considerando que estes espazos interdependentes e complementarios na vida de toda persoa teñen a mesma importancia.



D

Discriminación directa. Situación na que se trata a unha persoa de forma menos favorablemente en razón co seu sexo, orixe racial ou étnico, relixión ou crenzas, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Discriminación indirecta. Situación na que unha lei, unha normativa, unha política ou unha práctica, aparentemente neutrais, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro sexo, ou prexudica ás persoas por motivos de orixe racial ou étnico, relixión ou crenzas, discapacidade, idade ou orientación sexual, a menos que a práctica poida xustificarse obxectivamente por un obxectivo lexítimo.

División sexual do traballo. División do traballo remunerado e non remunerado entre mulleres e homes, tanto na vida privada como na pública en función dos roles asignados tradicionalmente.

E

Empoderamento. Capacitación para unha plena participación nos procesos de toma de decisións. Refírese ao proceso de acceso a recursos e ao desenvolvemento das capacidades persoais para participar activamente en modelar a vida propia e a da súa comunidade en termos económicos, sociais e políticos.

Equidade entre homes e mulleres. Imparcialidade no trato a homes e mulleres. Pode tratarse de igualdade no trato ou dun trato diferente, pero considerado equivalente en termos de dereitos, obrigas e oportunidades.

Estereotipos de xénero. Conxunto de crenzas existentes sobre as características que se consideran apropiadas para homes e para mulleres nunha sociedade determinada e nun momento histórico concreto.



F

Feminismo. Doutrina social favorable á muller, a quen concede capacidade e dereitos reservados antes aos homes. Movemento que esixe para as mulleres iguais dereitos que para os homes.

I

Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social.

Igualdade entre sexos. Situación en que todos os seres humanos son libres de desenvolver as súas capacidades persoais e de tomar decisións, sen as limitacións impostas polos roles tradicionais.

Igualdade formal. Acceso de homes e mulleres ás mesmas oportunidades, ás mesmas condicións e igual tratamento en todos os campos da vida e esferas da sociedade. Supón o recoñecemento xurídico da igualdade, incluíndo a non discriminación por razón de sexo. Persegue a eliminación de todas as formas de discriminación explicitamente recollida nas leis.

Igualdade real. Eliminación de toda discriminación por razón de sexo en calquera ámbito da vida. Supón a interposición de medidas necesarias para que a igualdade sexa efectiva.

L

Linguaxe non sexista. Linguaxe sen trazos relacionados cos prexuízos culturais de xénero.

M

Mainstreaming. Organización e reorganización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de modo que unha perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de ditas políticas.



P

Paridade. Representación equitativa de mulleres e homes en todos os ámbitos sociais.

Perspectiva de xénero. Consideración e atención ás diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dados dunha política.

R

Roles de xénero. Pautas de acción e comportamento asignadas a homes e mulleres respectivamente, inculcadas e perpetuadas.

S

Segregación no mercado laboral. Concentración de mulleres e de homes en tipos e niveis diferentes de actividade e emprego, onde as mulleres se ven confinadas a unha menor gama de ocupacións que os homes, en sectores e empregos específicos (**segregación horizontal**), e a postos de traballo inferiores, en grados e niveis concretos de responsabilidade (**segregación vertical**).

Sexismo. Tendencia discriminatoria que valora ás persoas en razón do seu sexo considerándoo inferior ao outro.

Sexo. Características físicas que marcan diferenzas biolóxicas entre machos e femias.

Socialización de xénero. Proceso de aprendizaxe por medio do cal a sociedade, a través dos axentes de socialización (familia, escola, medios de comunicación, grupo de iguais) transmite crenzas, valores e comportamentos dominantes que os membros desa sociedade deben desenvolver segundo o sexo ao que pertencen.



T

Teito de cristal. Barreira invisible resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por varóns, que impide ás mulleres acceder a postos importantes socialmente.

Transversalidade. Integración da perspectiva de xénero no conxunto das políticas. Integración prioridades e necesidades específicas de mulleres e homes en todas as políticas, con vistas a promover a igualdade de oportunidades, e recorrer a medidas xerais que supoñan a consecución da igualdade, tendo en conta os seus efectos nas situacións propias dunhas e doutros cando se apliquen, supervisen ou avalíen.

V

Violencia de xénero. Violencia sustentada nunha relación de desigualdade entre o xénero masculino e feminino, amosándose mediante ameazas, forza física ou chantaxe emocional, adoptando diferentes expresións, entre as que se inclúen a violencia sexual, o maltrato a mulleres, o acoso sexual, o incesto ou a pederastia.

Violencia doméstica. Violencia referida a agresións físicas, sexuais ou psicolóxicas que poñen en perigo a seguridade ou o benestar dun membro da familia.

X

Xénero. Concepto que fai referencia ás diferenzas sociais aprendidas (por oposición ás biolóxicas) entre homes e mulleres. Estas cambian co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.



MARCO LEXISLATIVO

Os obxectivos e actuacións recollidos no **III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do concello de Arzúa** enmárcanse na lexislación e recomendacións existentes.

A continuación cítase unha serie de documentos marco normativos das estratexias en materia de igualdade segundo os ámbitos internacional, comunitario, estatal, autonómico e local.

Ámbito internacional

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1949
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. 1967
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW). 1979
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing. 1995
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos. 1997
- Declaración do Milenio. 2000
- Documento final do Cumio Mundial. 2005

Ámbito da Unión Europea

- Tratado de Amsterdam. 1997
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia. 2002
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo. 2002
- Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación e Desenvolvemento. 2004
- Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e o seu subministro



- Directiva 2006/54/CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. 2006
- Plan de traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes. 2006-2010
- Carta Europea para a igualdade Rexional e Local. 2006

Ámbito estatal

- Constitución española. 1978
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica. 2003
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. 2003
- Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, que modifica os artigos 33 e 57. 2003
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. 2004
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. 2007
- Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades. 2008-2011

Ámbito autonómico

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. 2004
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia. 2007
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- V Plan do Goberno Galego para a igualdade entre mulleres e homes. 2007-2010
- Plan de fomento da Corresponsabilidade. 2007

Ámbito local

- I e II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades de Arzúa.
- Itinerario de Coordinación interinstitucional en materia de violencia de xénero. 2011



UNION EUROPEA

FUNDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE traballo crea traballos"



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade



Concello
de Arzúa